

Santiago aproba os orzamentos de 2018



Páxina 10

Entregadas vivendas de promoción pública en Lugo



Páxina 11

Promoción do traballo dos Ferreiros de Riotorto



Páxina 12

Documental Queima das Fachas de Castelo-Taboada



Páxina 13

O Consello de Contas denuncia a falta de transparencia da Deputación de Ourense



Páxina 14

XXXVIII Feira do Viño de Amandi



Páxinas 22 e 23



Gala de Turismo Rías Baixas

Páxina 18

Entrevista



Martiño Noriega
Alcalde de Santiago de Compostela

“Houbo unha constatación de que o réxime do 78 non quería irse”

Páxinas 5 e 6

CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Novo gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framboesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍLS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Falemos de cartos

Diciá Suso de Toro xa no 2003 que "a política española é un xogo de caloteiros con cartas marcadas e ases na manga". Unha realidade multiplicada no 2018 cando o tripartito do 155 loita por unha brutal recentralización que abeira tamén a plena centralización financeira e económica en Madrid, arredor das elites financeiras, da distribución eléctrica e das actividades concesionais e construtoras que compoñen o chamado "capitalismo castizo do BOE".

Neste contexto fálese de financiamento autonómico. E outravolta saen

axiña as cartas marcadas. Primeira falsidade : o sistema de financiamento autonómico é un xogo de suma cero. É dicir, se gaña Galicia perde outro. Por qué? Porque suponse que as partidas orzamentarias destinadas ás políticas a desenvolver polo Estado son intocábeis. E iso non é certo.

As contas hai que botalas a xeito. Onde están os gastos verdadeiramente importantes? Nas Administracións autonómicas, que atenden sanidade, educación, servizos sociais e dependencia. É dicir, os gastos fulcrais do Estado do Benestar, canda as pensións e a co-

bertura do desemprego. Primeiro haberá que garantir o financiamento destes servizos e despois decidir polo futuro financeiro dos outros gastos que financian a Administración xeral do Estado. Por exemplo, o Estado retén recursos para políticas nas que non ten competencias, como vivenda, igualdade, cultura ou turismo. Estes fondos haberían estar territorializados. O Estado, por outra banda, mantén unha estrutura desaquelada. Seis Ministerios abundarían para xestionar todas as súas competencias.

Estes mesmos apóstolos do unionismo son os que falan de Galicia como un país pobre, financiado pola solidariedade do Estado. Mais os datos son outros. Como ven de expór Antón Sánchez

(En Marea) entre 2009 e 2015 a recadación fiscal galega medrou un 44,7% fronte a un 32% en Madrid. O 16,89% da recadación estatal do Imposto de Sociedades sae de Galicia, que só achega o 5,2% da poboación estatal. As balanzas fiscais oficiais non teñen explicación ao absurdo de que a comunidade autónoma de Madrid recade case o 50% dos tributos dos quince territorios do réxime común, cando non achega nin o 20% do PIB estatal.

Precisamos , pois, falarmos de financiarmos o benestar. Falemos, pois, de cartos. Pero sen trampas.



It's about my pension, stupid!

As pensións constitúen un dos alicerces fundamentais do Estado moderno do Benestar. No Estado español hai case dez millóns de retirados pensionistas que constitúen o principal celeiro de votos da dereita. Mais semella que existen centos de milleiros deste colectivo que xa non acreditan nos contos e mentiras dos políticos que adoitaban

obter os seus votos.

O Reino de España inviste só o 11% do seu PIB nas pensións, fronte á media do 13-14% da meirande parte dos Estados da UE. Coa baixa ratio de cobertura entre cotizantes e pensionistas actual e a peor evolución demográfica futura, aínda así calcúlase que non sería até o 2050 cando precisaríamos botar máis do 14% PIB

para garantir o poder adquisitivo das pensións. Ruído de máis, pero moitos tentan amedoñarnos coas pensións. A sra. Villalobos, presidenta da comisión parlamentaria pluripartidista que mira polo sistema público de pensións (o Pacto de Toledo) dí que hai que se retirar case con 75 anos porque vivimos de máis. A ministra Báñez e o presidente Rajoy querenlle abrir a porta aos sistemas privados de capitalización, que adoito amosaron o seu fracaso no mundo ao longo dos últimos 80 anos.

Rajoy baleirou a caixa de aforros das pensións deseñando, ao tempo, unha devaluación salarial que impide que poidamos cubrir o déficit actual de cotización mesmo con millóns de novos empregos, porque estes son cativos en soldos e nin permiten saír de pobres nin axudan encher a caixa da Seguridade Social (SS). Mais cómpre dicir que dende esta reforma laboral do 2012 e dende a reforma das pen-

sións do 2013 (subas do 0,25% e grave rebaixa de pensións aos que se retiren despois do 01.01.2019) o goberno do PP segue a cargar no sistema de pensións gastos que tiñan que ser cobertos cos Orzamentos xerais das Administracións Públicas, como as bonificacións e exencións parciais á cotización da SS, as pensións non contributivas de orfandade e viuvez ou as de retiro de réximes deficitarios, como o de empregados de fogar e autónomos.

A nosa economía é quen de fornecer un sistema público que cubra os dereitos actuais e futuros mantendo o poder adquisitivo de cadansúas pensións. Seica teremos que destinar a esta tarefa parte dos nosos tributos, como fixemos no seu día coa sanidade pública. O que non é admisíbel- e os nosos maiores seica comezan a se decatar- é deconstruír o sistema público de pensións para lle abrir o negocio aos amiguíños.

4M
Manifestación nacional
Vigo - 12:00
Autobús desde a estación de Ponteareas
Saída: 11:00 Volta: 18:00 Prezo: 2€
Inscripción no 677 623 554 ou
no formulario
www.galegas8m.wordpress.com

8M
Folga de mulleres
Concentración
Ponteareas
Praza Bugallal
12:00

FESTIVAL DAS BRETEMAS

GASOLEOS
TEA
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN
SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA | 986 61 43 61

REPSOL

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Está en perigo a democracia en España?

Nos últimos tempos estamos sendo asulagados con informacións interesadas para que nos creamos sen rechistar que vivimos nun País perfectamente democrático. Que temos unha constitución perfectamente asimilable ás dos países da nosa contorna coñecidos como países democráticos, que soamente temos que “soportar” nunha parte do Estado a individuos que se atreven a “desafiar” este “paraíso democrático”. Para eles o Estado dispón de suficientes armas, e nunca mellor dito, que son quen de facerlles entrar en razón.

Claro que se nos atemos ao que está ocorrendo no resto desta pel de touro as cousas xa non están tan claras.

En canto a nosa Constitución sabemos que os lexisladores seguiron a teoría do constitucionalismo de impronta católica no que indica debe haber tanto Estado como sexa posible e só tanta sociedade como resulte necesaria, fronte ao chamado constitucionalismo protestante que nos ensina debe haber tanta sociedade como sexa posible e só tanto Estado como sexa imprescindible. Este matiz é fundamental á vista do que está ocorrendo.

Xa hai quen asegura que nos últimos tempos vimos perdendo dereitos democráticos dunha maneira continuada. Pouco a pouco, os gobernos que tivemos, sobre todo o que nos tocou sufrir nos últimos anos, veñen introducindo cambios na lexislación que van na dirección que antes apuntabamos: tanto Estado como sexa posible en prexuízo da sociedade. Efectivamente, asistimos ao secuestro de publicacións, á condena de raperos por letras de cancións que, se ben poderíamos considerar atrevidas, non podemos sacalas fóra de contexto e consi-

deralas como atentados á Corona, exhaltación do terrorismo e non sei cantas cousas máis. Hoxe asistimos a un maior número de condenas por apoloxía do terrorismo que cando ETA mataba. Isto danos unha medida do que está ocorrendo coa nosa democracia.

Sen embargo, tamén asistimos a xuízos de feitos penais realmente dañinos para o País, para os seus habitantes, que ou ben non son condenados ou se impoñen condenas tan febles, tan “de-



mocráticas” que os culpables entran por unha porta e en pouco tempo (meses ou anos) saen pola outra, cando o dano feito á sociedade é moi superior ás letras do rapero ou a un libro sobre un narcotraficante que foi condenado por un montón de anos.

Esta sociedade, con este Estado que se nos vende como perfectamente democrático permite que os descendentes do Ditador (que aínda non foi sometido a ningún xuízo social e legal como lle ocorrera a outros en países á nosa volta) se permitan o luxo de poñer no mercado un pazo, o de Meirás, que foi “regalado” polos veciños

da Coruña mediante “un imposto revolucionario” de si ou si contribúes con cartos para facerlle un agasallo ao ínclito Caudillo. Un ditador que se nos vén vendendo como home austero e sobrio pero que non se nos di que, procedendo dunha familia militar, cos soldos que os militares tiñan por aqueles anos, deixou aos seus familiares multimillonarios. Como fixo? Todo o País lle regalou edificios, fincas de ata 33.000 has., pazos e casas sola-

riegas, etc. Que foron vendidos, en parte, polos seus descendentes por centos de millóns de euros? Como mostra da súa austeridade podemos dicir que no ano 1941, recén rematadas as atrocidades de guerra que propiciou asignouse un soldo de 700. 000 pts. anuais daquel entón. A renta per capita era entón de 5.765 pts. E vinte anos máis tarde, nos anos sesenta, o soldo dun Maestro era de 19.860 pts ano. Isto pode afirmalo con esta precisión porque foi o meu soldo cando tomei posesión da primeira escola que rexentei.

A que vén que hoxe lles fale de

Franco? Pois ven a conto de que daquelas augas veñen estas lamas. En España aínda non se fixo unha limpeza en serio desta podremia que herdamos; que foi tapada por esa constitución tan “fermosa e intachable” que nos veñen vendendo, pola que hoxe sufrimos recortes democráticos impensables. Xa non falemos de que o 50% dos españois que están en paro viven en risco de pobreza. Un País que presume de ser a 4ª economía de Europa ten millóns de persoas a punto de pedir polas portas, como ocorría nos anos 40/50. Hoxe piden nos comedores sociais. Ao remate do 2017 tiñamos 3,8 millóns de parados; destes só o 58% cobraba algún tipo de prestación. E o resto como fai para comer e dar de comer aos seus fillos cada día? Claro que isto non é antidemocrático segundo as leis que figuran nos códigos civís e penais deste País. Alguén escribiu que aos parados españois habería que lembrarles aquelas palabras de D. quixote ao seu cabalo : metafísico te vexo Rocinante!., porque é realmente unha metáfora triste a vida desta xente.

Xa non lles vou falar das resolucións do Tribunal Supremo.... acorda que serán os pobres cidadáns que pidan en crédito quen teñan que pagar todos os gastos. Evidentemente, nesta sociedade tan democrática hai que perservar a vida e os froitos da Banca; esa señora tan animada que nos chama a que a visitemos porque ten para nós “os mellores produtos para ser felices”. O peor é que somos millóns os que o cremos.

Outro día, con máis vagar contareilles como poderíamos ser felices. Claro que sería noutro mundo, menos democrático pero máis humano.

Páseno ben, se poden.



ecocelta®
Naturaleza en equilibrio

Abonos e sustratos ecolóxicos

Materias primas de Galicia

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crt. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Pontareas



1 de marzo, 21.30 h

ROCK&ELAS

Bala e Agoraphobia na Sala Capitol.

1 - 31 de marzo

INTERVENCIÓN URBANA NA PRAZA DE MAZARELOS

Instalación na praza dunha estrutura temporal
coa imaxe de CONCEPCIÓN ARENAL.

5 - 31 de marzo

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA, Espellos de pedra

GABRIEL TIZÓN

En distintas localizacións da cidade.

7 de marzo, 12.30 h

PREMIO XOHANA TORRES

Entrega do premio de ensaio e creacións
audiovisuais sobre a memoria histórica das mulleres.

11 de marzo, 10.30 h

CAMIÑOS DO LECER

Paseo con ENCARNA OTERO. Saída da Alameda,
da escultura das Irmás Fandiño Ricart.

Marzo / maio

OBRADOIROS

NO RURAL para mellorar o benestar individual
e colectivo das mulleres.

5, 6 e 11 de marzo

MULLER E BICICLETA

MDNNA, FAITE VILLA CON NÓS!

Obradoiros e peza escénica coa coreógrafa BEGOÑA
CUQUEJO. Na Casa do Matadoiro e Praza 8 de Marzo.



2018M



COMPOSTELA,
TERRITORIO DAS MULLERES

Marzo / abril

DEBATES FEMINISTAS

Na Casa das Mulleres Xohana Torres.

PROGRAMA COMPLETO

tm.santiagodecompostela.gal

CONCELLO DE
SANTIAGO



Por Moncho Mariño

Martíño Noriega. Alcalde de Santiago de Compostela

“Houbo unha constatación de que o réxime do 78 non quería irse”

O libro “A contradición permanente” é unha longa conversa entre o escritor e xornalista Daniel Salgado e o actual alcalde de Compostela Martíño Noriega. A conversa é unha análise da evolución política dos movementos nados logo das mobilizacións a partir do 15-M. Para os dous autores do libro, os movementos que poderían ter desembocado nunha esquerda cohesionada como fronte popular, acabou disolvéndose nunha batalla de egos que finalmente botou por terra moitas das esperanzas en retirar á dereita do goberno, tanto autonómico como central. Aínda así, hai unha fiestra aberta á posibilidade de retomar a materialización dunha fronte popular ampla que permita contestar á dereita política.

Moi grande era a confianza que depositou Daniel Salgado para poder realizardes xuntos A Contradición Permanente e compartir uns pensamentos que outras persoas debullarían pouco a pouco e durante moitos anos.

É unha confianza que se asenta desde hai moitos anos, dunha amizade pero tamén dun grande respecto intelectual. Pero o do libro coincidiu nun tempo no que os dous tiñamos esa dispoñibilidade, el temporal e eu de sacar tempo de onde non o tiña. Gravamos as conversas desde finais do 2016 ata o 3 de outubro de 2017 en sesións periódicas. Ademais cunha implicación por parte dos dous, non só nas conversas senón co que tivo a ver coa revisión do texto.

O título fai referencia a un estado das cousas dentro da esquerda en Galiza, nacionalista ou non. Cando se cae na conta desa contradición?

Daniel detectou que esa frase era algo recorrente en min cando falaba do que seguen sendo os obxectivos da unidade popular e a conciliación destes coa realidade. É un libro melancólico porque o motor para gravalo nace cando sentimos unha regresión nos dereitos fundamentais e nas liberdades. A partir da impug-

nación pola vía institucional queda limitada coa reedición do goberno de Rajoy, coa abstención do PSOE e coa nova maioría absoluta do PP en Galiza. Nese sentido é un libro melancólico e pesimista pero que non quere renunciar a nada. Por tanto fala das expectativas que se encheron no espazo da unidade popular, obxectivos de máximos e a realidade na vida institucional e na necesidade de elixir batalla e conciliar os obxectivos co día a día. Todo iso é a orixe da contradición permanente que non deixa de ser unha confrontación dialéctica desde o punto de vista do marxismo.

Pero a pesar da continuidade Rajoy-Feijoo, o espazo segue aberto.

As condicións obxectivas seguen abertas e o espazo de unidade popular tamén. Aí tamén hai un esgotamento do motor da construción dese espazo que foi a xente agredida, que segue agredida. Todos temos casos na nosa contorna. Pero ese motor dos primeiros anos da crise, unha parte está instalada intentando sobrevivir, que non é menor a batalla, outra parte está exiliada por razóns económicas, a emigración. Ese foi o continxente que puxo en marcha o espazo de unidade popular. Eran quen lles dicían aos partidos e pa-

lataformas “entendédevos, facede polo menos un programa de mínimos con homes e mulleres que non nos agredan”. Pero é certo que ese común denominador está tentando sobrevivir e queda por ver se as cousas van acompañando, porque nada se constrúe desde o artificial.

Pero por que a xente cansa tan rápido?

En todo movemento de protesta social quedou o que era traducir. As grandes protestas, preferentes, desafuzamentos, deterioro dos servizos públicos e a precarización laboral, todas esas grandes batallas non se chegaron a traducir nunha batalla definitiva. Aí temos unha aposta por chegar ás institucións e ocupalas, polo menos para non agredir. Conseguíronse moitas cousas, gobernos en grandes cidades do estado, aquí no noso país govérnase en tres grandes cidades e en moitas vilas tamén. Pero todo isto era unha enmenda á totalidade, pero sobrevivir é complicado. Tamén se a xente non ve un cambio nas condicións materias, tamén tende a iso, á sobrevivencia ou marchar. Ás veces penso na cantidade de xente nova que necesitamos, xa que estamos co debate demográfico e téñenme gracia todos estes titulares de “necesitamos tantos miles de mozos e mozas”, pero se



os botastes vós. A maioría tiveron que emigrar nunha emigración sen retorno e cunhas condicións no estranxeiro que non llas poden garantir aquí. **Hai dous termos no libro que mencionas varias veces, “espazo mestizo” e “partido líquido”. Non é algo parecido a aquilo de “cacht all party”?**

Por unha banda, o espazo popular vén dun espazo clásico, o da esquerda alternativa e rupturista. Tamén coa chegada dun amplo continxente sen adscrición partidaria que se organiza en plataformas e colectivos. Aí é onde se define no formal dunha maneira un espazo participativo e alonxado dos partidos tradicionais. Isto explica tamén as súas forzas e

debilidades. Non obstante, nunca tivo unha analoxía cun “cacht all party”, porque dalgunha maneira, pois dalgunha maneira, a impugnación sempre foi contundente no social ou na reivindicación nacional. Tiña tamén debilidades como pouca mobilidade cun espazo tan cambiante co que estaba acontecendo e que explica a pouca cintura que se tivo diante do rexime, que reaccionou, porque era moito máis potente do que se pensaba.

No libro cando falades de En Marea, nótase un pesimismo case palpable. Non hai maneira de recuperala?

Hai a obriga de facelo e de non afuciñar. No fondo o libro quere deixar claro que o único que lle pode disputar a hege-

Continúa na páxina seguinte...

Entrevista

Por Moncho Mariño

...ven da páxina anterior.

monía á dereita, ou unha futura competición PP – C's, é a unidade popular. En todo o libro hai unha reivindicación intelectual desa unidade. Tamén hai unha constatación de que ao mellor o espazo non está á altura da demanda social. Porque veñen cometéndose os mesmos erros desde o comezo de AGE, logo nos espazos das Mareas e logo no espazo da Marea. Logo vese como persoas que non acreditaban neses espazos acaban como dirixentes del, porque os que si acreditan non ocupan a súa dirección. Temos a obriga de seguir reivindicando, pero non faríamos nada negando que hai unha certa melancolía, como se fose o tema do eterno retorno.

Esas persoas que aproveitaron o momento para chegar á dirección deses espazos, están reproducindo a mesma historia.

Si, pero non culpabilizo tanto a esas persoas, senón as propias partes da unidade popular de non teren exercido a súa representatividade. Iso non aconteceu porque a unidade popular nos momentos que hai que acumular forzas e logo electoralmente, pero logo no día a día, cada quen exerce o patriotismo partidario desde cada unha das partes. E cada unha das partes intenta ao

mesmo tempo hexemonizar a súa presenza no resto do espazo. Iso crea baleiros, porque aínda con bos resultados electorais, logo rearmas a túa posición de parte e non participas na construción real do espazo. Iso provoca que quen apenas ten representación volva a posicións representativas porque as partes non son quen de xerir. Se algunhas forzas non queren participar no plenario, pois acaba habendo unha crise de representación deses espazos. Iso aconteceu cando para ser de AGE tiñas que ser dun dos partidos, pero a xente quería ser de AGE. Tamén para compensar a balanza, direi que isto aconteceu en cinco anos e é moi pouco tempo, pero para madurar eses espazos precisas dun período máis longo que a crise non permitía. **Pero estamos a falar dunha batalla de egos.**

No libro recoñécese un pouco que impugnamos un sistema e un rexime do que somos fillos. Pero tamén dicimos que no espazo que queríamos abrir tamén se reproduciron actitudes vidas dese rexime que queríamos mudar. Queríamos que se instalase a cooperación pero fíxoo a competición. En vez da fraternidade todo acaba en patriotismo partidarios. Queremos mudar uns comportamento pero ao final volven

reproducirse. Pasa no espazo popular e nunha comunidade de veciños. Cada vez é máis difícil facer un traballo cooperativo e colectivo. Está moi atomizada a participación e construción, os egos pesan. Iso é un pouco a explicación que lle buscas ao estado das cousas e ves que se acaban reproducindo certas eivas no que fora no seu momento a esquerda e aparecen nos momentos máis importantes.

Cando chegan as candidaturas cidadás ao goberno de diferentes cidades, a dereita saca uns coitelos e uns dentes que ata daquela non ensinara. Houbo medo?

Houbo a constatación que o rexime do 78 que en teoría entrara en crise e que o obrigaba a abrir procesos constituintes, non ía renderse de maneira fácil, ao revés. Pechou unha reforma en falso cambiando de rei pero non de coroa e de caras pero non de políticas. Fíxose de maneira agresiva, con toda a munición mediática derivada dos intereses en crear un clima de animadversión á posibilidade de cambio. No meu caso hai uns anos que me marcarán, pero non falo de medo, senón de que o inimigo era moito máis complexo e contundente. Tamén a constatación dos que estaban na primeira liña da dureza do



vale todo, que os que estabamos nas institucións non sentíamos de primeira man.

Contas cunha futura participación doutras forzas para a participación en espazos alternativos?

No libro hai un recoñecemento ao espazo do BNG, pero tamén hai unha crítica da non participación do Bloque no espazo de unidade popular, ao mellor foi o que freou unha

vitoria máis contundente deste espazo. Se entenderan o momento histórico, tería sido outra cousa. Do PSOE base podemos esperar algo pero non da cúpula do partido, porque as evidencias mostran que actúa na defensa do que pretendemos cambiar. Que acontecerá? Non son optimista con que se acumulen máis forzas no espazo, máis base social sería o ideal.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B · 36860 PONTEAREAS · T. 986 66 00 00 · F. 986 66 01 03

Por Carlos Meixome

Perspectiva de fin de ciclo

... todas as pitonisas están mortas, como é sabido.

J.P. Sartre, As palabras

É teima dos historiadores parcelar o tempo histórico. Pode ter utilidades didácticas mais non semella moi práctico para os que viven o momento político, aínda non histórico. O risco de aventurar só o poden correr os que pretendan intervir na ágora, no debate, e queiran formular propostas alternativas, de mudanza, incompatibles coa mera xestión da realidade. O risco de ser unha inexistente pitonisa pódese asumir se prefires a derrota á incongruencia persoal.

Hai agora un lustro o agrupamento da esquerda galega espárese en anacos por ausencia de perspectiva, incompreensións manifestas e/ou teimosas rixideces. Un ciclo curto (2012-2018), seis anos nos que a esquerda non foi eficaz para defender as maiorías sociais que sufriron, e sofren, unha longa década de latrocinio acochado baixo a cínica denominación de “crise”. Nuns casos por falta de reflexos, noutros por precipitacións entusiastas; nos dous por predeterminacións das elites preocupadas por conservar o que teñen amarrado.

Aquela forza indignada que ocupara as prazas en maio de 2011 foise esbozando. Tras a derrota grega en 2015 e a perspectiva dun trato similar a quen ousase postularse como alternativa e o abandono das formas democráticas, aseguraron o voto da dereita fraccionándose entre conservadores e dereita extrema, arrastraron as bases laboristas a apoiar o brexit e trouxeron a Trump entre as risadas de coello de Putin.

Por dúas veces deixouse gobernar a

Rajoy, á personificación do latrocinio. Foise incapaz de apartar a Feijoo e o seu proxecto de exterminio. Só as clases medias e populares catalás foron quen de manter un pulso de transformación do estado. Ninguén ollou para a alternativa-Lisboa.

Un novo ciclo semella aberto, coa “crise” asentada sen horizonte de mudanza; a xenofobia e o autoritarismo estendéndose por Europa e impoñéndose en España con permanentes recortes de liberdades que chega ao ex-



tremo de encarcerar dirixentes políticos, obrigalos a autoexilarse, a procesar rapeiros, secuestrar libros, prohibir cadros....

A dereita fracciónase, a fin de non perder votos, entre o partido da corrupción e o emerxente. Mentres, tras o amago de sublevación no PSOE, os que mandan puxéronlle sordina ao sorprendido Sánchez que ficou en silencio agardando o esmiuzado de Unidos-Podemos, prendido na trapela da pluri-nacionalidade e do medo ás bandeiras colgadas dos balcóns. Todo nun marco internacional cada vez máis tenso. Todo nun ambiente de cansazo.

Seis anos despois, dúas lexislaturas feijonianas, trinta e cinco anos de autonomía, trinta gobernados pola chaqueta revirada do franquismo sociolóxico... cun estatuto herdado do PG, que Castelao acadou “in extremis”, e

subsidiario do “apaciguamento” de Cataluña e o País Vasco. Todo un ciclohistórico longo transcorrido. Que temos?

Un territorio desartellado, descompensado, un interior despoboado, fatalmente avellentado, coas pensións máis miserables de España. Un pobo socialmente descrito, emocionalmente estragado, sen confianza, nin esperanza, agardando o exterminio coa oposición duns cantos mozos e mozas resistentes e maltratados. Recuperamos, iso si, a nosa tradición emigrante para que se nos escape a mocidade mellor formada que tivemos nunca. Unhas elites provincianas. Uns medios de comunicación entusiastas do etnocidio cultural e lingüístico. Un proxecto de país que non vai máis alá dun parque temático turístico e dúas plantas de montaxe e distribución. Un sálvese o que poida na mellor tradición da enrrabiante acusación de individualismo.

Alguén está disposto a opoñerse ao exterminio máis de lairse compartindo unha cervexa coas amizades? Aínda é posíbel? Pódese intentar?

É evidente que, se compartimos a basta descrición das liñas anteriores, non hai moita marxe de manobra. É evidente que se non somos quen de reagrupar forzas e ordenar obxectivos, haberá moitas menos posibilidades. É evidente que sen xenerosidade e comprensión, non é factible. É evidente que sen a unidade precisa non é realizábel un programa alternativo de salvación democrática, nacional e popular, sen que a orde minimize o valor de cada termo. A alianza entre as esquerdas, nacionalistas ou non, é precisa e doada. Pode haber xente que non o vexa urxente, daquela agardemos ter un ollo de vidro como o que lle puxo Castelao ao seu esqueleto para pasear polo cemiterio.

Os acordos políticos dependen, case

sempreda vontade de realizalos e a empatía entre as persoas. A vontade non está en correlación coa dificultade. Hai acordos insólitos e outros imposibilitados por miudezas.

Permitan unha reflexión prepositiva de observador á marxe. Cáles serían as actitudes facilitadoras do insólito acordo entre un mundo difuso e outro disciplinado? Semella imprescindible o respecto á autoorganización, isto é, que quen resolva e decida sexa a cidadanía participando sen dependencia de estruturas foráneas e con liderados propios, non subsidiados. Pola outra, a renuncia ao exclusivismo, o respecto por outras perspectivas, a posibilidade de matiz. Se queren, en plan basto, que se esfume o “patriotismo español” e o “patriotismo de partido”.

E logo está a empatía. Cousa difícil de entender. A consolidación da remuda xeracional pode facilitala, se conta coa precisa colaboración das persoas boureadas por vellas antipatías.

As municipais do ano vindeiro serán un primeiro chanzo no tratamento da urxencia. Por unha banda facilítalo, porque as estruturas partidarias teñen menos peso, pola outra as anti-empatías poden dificultar un acordo tan simple como o de non meterlle o dedo no ollo ao do lado. Un discreto pacto de non agresión, un xesto de distensión, por exemplo fóra das cidades, onde as bases activas poden asentar a unidade popular. Nestas eleccións é cando as voces que se laian da ausencia de unidade teñen que facerse ouvir, a xeito de rebelión das persoas activas para facilitar acordos posteriores.

Alguén ten algo que propoñer? Hai ganas de facelo?



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Víale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Opinión

Por **Baldomero Iglesias Dobbarrio. Mero**

Estamos na decadencia democrática

As cousas foron vindo a menos. Aquela democracia que debía ir emerxendo, foi quedando paralizada en coitas e mentiras. Agora, con esta escasa calidade democrática, calquera cousa é terrorismo de estado e pode suceder un caos. Agora aparece, por vez primeira en corenta anos, o supositorio 155. É a resposta da forza, non da razón. Mágoa coma sempre. En vez de recoñecer as eivas do sistema e tentar reparalo, fixeron un reparto rasant de provincias agrupadas nunha comunidade autónoma, equivalente á rexión de antes, susceptible de acabarse de súpeto mediante o supositorio citado. Alá vai a vontade dun pobo que se queixa do cambio non percibido. A letra sempre distou moito dos feitos e os feitos foron cativos, mesmo roeron a esperanza e a semente, as gañas de ser quen somos estes da periferia, sempre constringidos á súa vontade. Pasa así nesta sociedade civil que pouco se gratifica nos logros, pouco feita e que

agora rompe polas costuras e non é quen de frear a mesmísima corrupción que se xera dentro dos poderes. Son abusos de sempre, abusos de poder desenfreado, pero que sempre pagamos os mesmos. O pago faise en fames, en recortes de dereitos –anque falen do estado de dereito, este mingua a pasos longos–, con cheques ao portador que nos hipotecan o presente e o futuro. Calquera cousa vale para esquecer, agora ninguén lembra xa os graves asuntos de honestidade e disciplina. Non están activas as posibles xustizas. Pousaron a Gürtel, a Púnica, os Bárcenas, a Lei Mordaza, os recortes laborais, sanitarios e educativos. Quen acorda o Urdangarín, onde andará? Por riba fan burla nos medios e dinnos que xa pasou a crise, que estamos nunha grande recuperación económica e que non esqueceron a ninguén. Están faltos de ollos, tamén de sentimentos e cargados de cinismo. Pobres dos pobres que dormen os fríos entre cartóns e que

se roen de fames no medio dos seus insultos. Pero os bancos florecen ben, non dan créditos pero retorcen aos usuarios. Deben miles de millóns que, sabemos, xa nunca devolverán. Pagaremos en fames e en privacións mentres xuramos estremecidos nos silencio que nos condena. Precisamos de ira, paciencia hai de abondo!

Por certo, estes mesmos, son os que non quixeron facer caso de aquelas “nacionalidades históricas” ás que habían dan creto e posibilidade de especial coidado e significación, ás que novamente viñeron profanando e deturpando, humillando nas súas limitadas conquistas, sempre no medio das desvantaxes malignas que impoñían deberes fronte a supostos dereitos. Seguiron inxectando complexos de inferioridade, alimento de desamor e desafección polo propio. Roubáronnos a vontade de ser, a cambio da vontade de parecer, e agora co imperativo de non nos recoñecer a nós mesmos. O seu lema foi sempre “atar en curto”, inmovilizando, sometendo con faltas de respecto aos equilibrios: eles sempre por riba, en todo. Por aí rompen as

costuras! Hai tres nacións dentro do estado que renxen carentes de espazo para ser, de solvencia, de medios, de xustiza reparadora, de comprensión, de entendemento. Agora volvemos estar controlados, moito e carentes da autoxestión prometida. Era o camiño para ir abrindo outros espazos e saber da Liberdade. Aquilo era mentira, esta é a decadencia democrática. Son culpa dos aznars múltiples, dos multitudinarios filipes reconvertidos ao capital neurótico dos medos. Como quedarían se se pasaran por unha peneira xudicial digna? E se esculcaran a tanto mudo –dos que intencionadamente calan, ou aos politólogos do mambo que ocupan os medios cando sen pudor menten para ocultar aos culpables. Hoxe bailamos todos sobre as brasas do caos, nesta política errada, decimonónica e que se apoia de novo na forza, evitando as liberdades que un día prometeron e todos soñabamos. Mirade ben, a proba está á vista!



Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.

Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Abogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Redacción

Por Jesús Témez Fernández

Un ano de Trump

Tras un ano de Trump á fronte da presidencia dos EE UU cabe dicirlle aos predicadores da apocalipse e do pensamento único que o seu balance non pode ser máis alentador. Nun ano o ISIS disolveuse como un sobre de azucre e apenas quedan vestixios territoriais do ampuloso califato que proclamaron fai tres anos e medio. Doutra banda, en clave interna americana podemos afirmar a realidade do pleno emprego, récords bolistas semana tras semana, aprobación dunha reforma fiscal que beneficia a clases medias e empresas e certas emendas ao obamacare máis ao gusto do americano medio.

Pola contra, podemos falar de determinados xardíns nos que se meteu sen necesidade aparente diso como a declaración, todo hai que dicilo, máis virtual e simbólica que real da capital

jerusalénica de Israel e as acusacións indiscriminadas sobre o réxime de Teherán tensando quizais a única materialización de enxunlla da presidencia Obama no plano internacional e que en ambos os casos responden claramente a unha postura de aliñamento incondicional projudío alentado por unha cohorte aúlica nepótica e frívola encabezada polo seu xenro e a súa filla preferida.

Pero quizais, o máis sorprendente, pola súa magnitude e envergadura, foi o certo intento de purgar a uns corruptos servizos de seguridade como o FBI e parte da CIA, impulsado por unha serie de asesores que conformaron o seu núcleo duro inicial ao detectar gargantas profundas en dúas dos resortes de seguridade máis importantes do planeta viciados ata o extremo de intereses espurios e alleos á vontade

xeral da patria. Con todo, cando comezaba con esa caza de bruxas, así chamada polos mainstream, todos os asesores impulsores de tal empresa e dun achegamento estratéxico con respecto a Rusia foron abruptamente purgados pola propia administración Trump baixo acusacións de representar a sectores populistas antisistema.

A partir de aí Trump comezou unha viraxe política encamiñada a botarse en brazos do aparello do seu partido consistente en cortejar ao establishment máis anello de forma entregada e incondicional. A resultados de que? Pois a conseguir de forma menos traumática o apoio do seu partido en ambas as cámaras a cambio de recrudescer mediante peroratas a secular aversión oficial sobre Rusia herdada da guerra fría polo partido Republicano e erradicar todas as pescudas sobre o comportamento sospeitoso de FBI e CIA.

O vello aparello dos Bush, genocidas recoñecidos, impuxeran a súa vontade

e o establishment que induciu á guerra de Iraq engrasó a súa maquinaria mediática para epitetar a Steve

Bannon, principal asesor de Trump no seu asalto á Casa Branca, e compañía de paleoconservadores e pseudofascistas. Paradoxos da política. Os urdidores da polvoreira de Oriente Medio cualificando de antisistema aos que impulsaron a desarticulación do Isis e o achegamento a Rusia en materia de cooperación antiterrorista.

Avecíñase nuboeiros complicados de disipar se o visceral Trump non tenta recuperar o espírito que lle encumbrou todo o máis alto da política e fíxolle triunfar nos caucus sobre unha clase política necrosada e esclerotizada. Espírito consistente en escoitar ao pobo e os seus intereses; é dicir aos mal chamados asesores populistas.



A tortura do proces

O Proces está a ser a perfecta cortina de fume para obviar unha serie de realidades sociais, políticas e económicas que de ter unha prensa obxectiva, moderna e sen ataduras estarían ocupando portadas a doquier e abrindo noticiarios nacionais. Pero o pousado, estéril e abafador exercicio de información

sobre o Proces fagocita calquera introdución a outros puntos de interese de maior envergadura e interese nacional. Un deles é sen dúbida o debate demográfico, auténtica pesadela que debilita e lastra calquera posibilidade de substitución xeracional no futuro co menoscabo que iso supoñerá para os nosos estándares de

vida. A ausencia de liquidez na caixa das pensións que fai cambalear un dos sacrosantos alicerces do estado de bienestar que tantos réditos sociais propiciounos nun pasado. A ausencia dun plan hidrolóxico vertebrador no conxunto do país que palie os déficits hídricos crónicos e históricos do noso país e que fan cambalear un dos nosos grandes reclamos como marca mundial. A excelencia dos nosos produtos do agro.

Temas todos eles de capital importancia para forxar un país de futuro viable e modernizado. Pero a trituradora catalá engóleo todo. E o peor é que sen que ninguén se dea conta lévaos facendo desde anos imperecedeiros, Unha mágoa esta miopía política por parte da cidadanía do común que nos deixamos engulir por unha cuestión parasitaria que só engorda o ego da mediocridade política deste torturado país.

Por Ramón Coira Luaces

Fame

Ao igual que o pobo irlandés, o pobo galego tamén pasou fame en distintas épocas históricas. Unha delas foi a fame de 1853, provocada polas malas colleitas. Os labregos acuden ás cidades en busca de socorro e algunha xente fai o que pode a título particular; porén

o Estado reprime duramente as protestas. O antigo imperio Inca e o imperio exipcio prevían estas continxencias e socorrían aos seus respectivos pobos; porén o moderno Estado español, ao fronte do que estaba a dinastía borbónica, prefería reprimir o pobo antes que socorrello.

Igual que hogano. E o peor é que gran parte do pobo español tamén prefere reprimir as ansias de liberdade de Cataluña e sometela ao poder central, que mellorar materialmente creando un estado verdadeiramente democrático, no que se respectase a súa pluralidade lingüística e nacional. Conmóveme a dignidade e os padecimentos do pobo catalán e dos seus dirixentes políticos, homes e

mulleres. Porén España está decidida a saír con ruindade -unha vez máis- da súa crise institucional. O terror e a represión é o que mantén os vosos privilexios e a unidade do Estado. Porén hai fame de xustiza e de liberdade... e non só en Cataluña.



Aprobados os orzamentos 2018, de 110 millóns de euros e apostan polo investimento nos barrios

O Pleno da Corporación ratificou, en sesión extraordinaria, os orzamentos de 2018, que quedaron aprobados tras o rexeitamento das alegacións presentadas pola CIG durante o período de exposición pública. As contas, que ascenden a 110 millóns de euros, foron aprobadas cos votos favorables de Compostela Aberta e as abstencións do PSOE e BNG. O Partido Popular votou en contra.

As contas aprobadas inclúen un incremento no capítulo de gastos en todas as áreas agás a destinada ao pago de débeda bancaria, "froito da boa saúde económica, e do esforzo realizado nos anos anteriores, que permiten ter unhas contas saldadas". Así, pódense destinar a servizos públicos os créditos que en anos anteriores se tiñan que gastar en pago de débedas. O capítulo de débedas (capítulo 9) redúcese un 26,73% e en xuros un 44,26%.

Catro eixes

O orzamento de 2018 ten catro eixos principais, que pasan polas Políticas Sociais e o Emprego, a continuidade na aposta polo mantemento e o reequilibrio territorial, as políticas de acción cultural e a Compostela verde.

Na área de Políticas Sociais "existe un incremento dun

26%" no que se inclúe o Servizo de Axuda do Fogar, o incremento das bolsas de comedor e actividades extraescolares ata os 600.000 euros, así como obradoiros de emprego destinados a mocidade. Estes supoñen un incremento do 60% da área de Emprego, acadando case os 3 millóns de euros.

No documento aprobado hoxe inclúese tamén unha aposta por facer de Santiago unha cidade máis verde e sustentable. Por iso se incorporan como investimentos a reposición do alumado público por un importe de 150.000 euros, a ampliación das illas de compostaxe por 97.000 euros ou a continuación dos programas de emprego na contorna do Sar para a ampliación das sendas verdes.

Tamén se fai unha aposta pola cultural, co orzamento máis elevado da serie histórica e cun incremento das subvencións competitivas. Inclúese aquí un convenio co Multiúsos do Sar para a promoción de 2 ou 3 eventos musicais potentes ao longo do ano.

Aposta polos barrios

Este ano será o da obra pública en Compostela, cunha aposta polos barrios e as parroquias. Así, incrementase o capítulo de investimentos ata o 3%, situándose nos



María Rozas, concelleira de Facenda

10.330.000 euros.

Dentro desta partida destaca a accesibilidade, a mellora das instalacións existentes ou o "Plan Vite", que permitirá actuar na rúa Federico García Lorca grazas aos case 600.000 euros consignados para a primeira fase deste plan. A previsión é continuar investindo no barrio nos vindeiros anos ata chegar aos 2.260.000 euros de orzamento.

Ademais deste incorpórase no orzamento un programa de mellora de accesibilidade da vivenda complementario aos existentes nas ARIS. cunha dotación orzamentaria de 200.000 €. As familias con menos recursos poderán facer así fronte á parte que lles corresponde da instalación de ascensores nas súas vivendas.

Entre os investimentos en todo o municipio destacan a pista de skate na praza da Constitución (393.543 €), o acondicionamento do campo

de fútbol de Santa Isabel (524.300 €), a mellora da accesibilidade en Triacastela (409.745 €), as beirarrúas na rúa do Tambre (318.759 €), o aparcadoiro da rúa Altiboia (200.000 €) ou o Smartiago (460.250 €).

No relativo ao rural existe un incremento en comparación co ano anterior dun 28% destinando, por terceiro ano consecutivo, todos os fondos que reciben do Plan da Deputación para o rural. Ademais incorporáranse obras financiadas con recursos propios e varios contratos de mantemento para rozas e pistas, tanto do rural como dos montes. Inclúense 310.000 euros para as cubertas de pistas deportivas e de pádel en Figueiras, 128.000 euros para a cuberta da pista polideportiva de Verdía ou 267.000 para a segunda fase da ampliación da ponte na Cañoteira e outeiro de Marrozos.

Compostela será a sede do Congreso Anual da Asociación Española de Dereito do Traballo

Santiago vai acoller no próximo mes de maio o XXVIII Congreso Anual da Asociación Española de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, no 50 aniversario da entidade. A súa

presidenta, María Emilia Casas, foi recibida polo alcalde no Pazo de Raxoi.

María Emilia Casas, presidenta emérita do Tribunal Constitucional, explicoulle a Martiño Noriega a relevancia

do Congreso que se vai desenvolver na Facultade de Dereito os días 31 de maio e 1 de xuño. Segundo apuntou, no evento participarán máis de 250 persoas procedentes do mundo da Univer-

sidade, a Administración laboral e a Seguridade Social, a Maxistratura, a Inspección de Traballo, os sindicatos ou as asociacións empresariais. As súas conclusións seranlle remitidas ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, con vistas á súa posible toma en consideración en futuras reformas lexislativas.

Santiago no Congreso de Empresas Organizadoras de Congresos

Turismo de Santiago estivo presente por primeira vez no Congreso Nacional de Empresas Organizadoras de Congresos de España, que este ano celebrou en Alcalá de Henares a súa trixésima edición do 15 ao 17 de febreiro. Turismo de Santiago participou a través do seu servizo propio para a captación de Congresos, Eventos e Xornadas, o Santiago de Compostela Convention Bureau.

Turismo De Santiago participou como poñente nunha mesa específica sobre Organización de Eventos nas Cidades Españolas Patrimonio da Humanidade, onde amosou as fortalezas e potencialidades de Santiago como destino apto para albergar calquera tipo de congreso, grazas tanto ao atractivo da cidade como a capacidade de aloxamento e a oferta de empresas de servizos para os organizadores de congresos.

Na presentación tamén se fixo fincapé no feito de que Santiago é unha cidade con servizos dunha cidade grande pero con distancias moi curtas, polo que é sinxela de percorrer e os tempos de desprazamento entre as sedes dos congresos, os hoteis e os espazos de ocio son reducidos en comparación con cidades de maior tamaño.

Este congreso é un evento organizado pola Federación Española de organizadores profesionais de Congresos. O evento deste ano contou coa asistencia de 400 profesionais de toda España. Trátase dun evento moi relevante, xa que permite amosar a oferta coa que conta un destino no sector ás principais empresas españolas organizadoras de congresos.

O Pleno da Coruña debatirá a modificación do PXOM para favorecer a protección dos terreos da Solana, que estiveron a piques de ser subastados

O goberno da Coruña levará ao próximo Pleno municipal para a súa aprobación inicial a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) no ámbito da Solana, "unha actuación que vai encamiñada á blindaxe da titularidade pública dun terreo especialmente simbólico para a cidadanía da Coruña, que representa o patrimonio que contén o noso borde litoral e que estivo a punto de ser subastado pola Autoridade Portuaria o pasado ano, senón fose pola acción tanto do Concello como da cidadanía". Así se manifestou o concelleiro de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda, Xiao Varela, que indicou que coa aprobación inicial da modificación puntual do PXOM culmina a primeira parte dun proceso que pretende mudar de privada a pública a natureza do espazo

libre comprendido na parcela na que, na actualidade, se ubica o parque deportivo ocupado polo complexo da Solana.

O ámbito afectado por esta modificación puntual está situado entre a avenida do Parrote e o Paseo Marítimo. Inicialmente, esta zona gañada ao mar pertencía ao dominio público marítimo terrestre, e no mesmo asentaba a coñecida como praia do Parrote. Foi durante a aprobación definitiva do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2013 cando as determinacións contidas sobre estas parcelas foron modificadas, xa que en 2009 o Pleno municipal dera o visto e prace a que a parcela na que asenta o complexo deportivo da Solana estivese incluída no sistema xeral de espazos libres, con carácter público. "O que pretendemos con esta modificación do PXOM que xa



O concelleiro Xiao Varela

iniciamos o ano pasado é recuperar o sentido común, e que a natureza deste equipamento sexa a que sempre tivo e que mudou o anterior goberno de forma sorpresiva e pouco transparente. É un terreo que debe ser de todos e de todas, xa que é patrimonio simbólico e histórico de toda a cidade", insistiu, á vez que recordou a pretensión do executivo local para ese espazo, no caso de que acade a titularidade municipal, "que pasa por mellorar a cantidade de espazos deportivos da cidade e, en especial, paliar a ausencia dos mesmos na zona Pepri".

O BNG de Vedra deposita ante notario os nomes de tres persoas que aprobarán as oposicións

O BNG de Vedra, asinou ante notario unha acta de manifestación, cós nomes de tres persoas, relacionadas con tres postos de traballo, de recente creación a través da RTP (Relación de Postos de Traballo) aprobada polo equipo de goberno (PP). Esta RTP causou un grande malestar entre o corpo de traballadores municipais, ate o punto de que a maioría foron informados do contido do documento unhas horas antes de que fora aprobada, coa maioría absoluta do PP, no pleno de Xaneiro.

Si estaban informados dos termos da RTP, dous representantes sindicais, o equipo de goberno e o secretario municipal, sendo recibido con estupefacción e incredulidade polo resto dos traballadores.

Ante o malestar xerado,

o BNG de Vedra, pretende que, polo menos, as prazas de funcionario creadas nesta RPT, sexan convocadas e valoradas dunha maneira xusta, e cun procedemento aberto á cidadanía.

É precisamente neste marco que toman a iniciativa de asinar unha acta notarial cónome de tres persoas, (e os postos aos que están predestinados). un cuarto posto, queda vacante por xubilación, e previsiblemente será unha convocatoria aberta.

En declaración do Voceiro municipal, "esperan que non sexa necesario publicar o documento gardado na notaría, posto que a única finalidade do mesmo é, que a convocatoria non sexa construída dende o BOP e o concello á medida dos traballadores aos que quere funcionarizar, como xa ten acontecido noutras ocasións".

A Xunta entregou vivendas de promoción pública en réxime de alugamento en Lugo

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, fixo entrega de seis vivendas de promoción pública situadas no municipio de Lugo que se adxudican en réxime de alugamento. Así, no barrio da Tinería adxudicáronse senllos apartamentos en Recanto do Miño e na Rinconada do Miño e unha vivenda de dous dormitorios na rúa Miño. Tamén se entregaron dúas vivendas situadas na rúa Paulo Fabio Máximo, un apartamento dun dormitorio e un piso de tres; e finalmente outro piso de tres dormitorios situado na rúa Fermín Rivera.

O delegado lembrou que o

Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) tramita con dilixencia as novas adxudicacións tan pronto as vivendas son desocupadas polos anteriores arrendatarios e acondicionadas, de ser necesario, para que as persoas interesadas poidan acceder a elas á maior brevidade posible. Para elo, sèrvese dos listados de adxudicatarios dos distintos municipios, elaborados mediante sorteo ante notario tomando como base o censo do Rexistro Único de Demandantes. A inscrición no Rexistro pode realizarse en calquera momento presencialmente ou a través da sede electrónica da Xunta e ten unha vixencia de tres anos.

Ofertas de compra

José Manuel Balseiro lembrou que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda manterá aberto ata o día 22 de abril o prazo para que os propietarios de inmobles situados na Tinería poidan ofertar en valor de mercado a súa propiedade á Xunta de Galicia, que a adquirirá para posteriormente rehabilitala e destinala a vivenda protexida.

A Xunta fai un chamamento aos particulares para que poñan a disposición da administración autonómica aquelas propiedades que non estean en disposición de rehabilitar e sinala que este programa supón unha oportunidade para vender eses inmobles de difícil saída ao



O acto de entrega tivo lugar na oficina de turismo da Xunta en Lugo.

mercado inmobiliario habitual polo seu estado de deterioro.

O Goberno galego reserva 500.000 euros para adquirir novos edificios e prevé obter arredor de 9 novas vivendas

no casco histórico desta cidade. A intención é que os primeiros proxectos de rehabilitación estean redactados a finais de ano para poder comezar coas obras no 2019.

Cruz Vermella acondicionará a sede de Monforte

As axudas de 8.000 euros de Deputación e Concello á Cruz Vermella de Monforte de Lemos fan posible actuacións de mellora e acondicionamento do local que posúen no municipio. Estas obras consisten na renovación completa da rampa que dá acceso ao edificio para persoas con mobilidade reducida. O edificio conta con aulas para escolares, de formación, oíoteca, baños adaptados, salas de reunión, almacén e garaxe.

Grazas ás colaboracións dos gobernos provincial e municipal a Cruz Vermella de Monforte de Lemos pode prestar, a través dun traballador social, unha educadora social e un grupo de voluntarios, unha variedade de servizos, totalmente gratuítos, como o programa Atención Urxente ás necesidades básicas, ofrecendo tres lotes de comida durante todo o ano, con produtos perecedoiros e sufragando os gastos de luz, auga e gas a 160 familias de Monforte de Lemos, que actualmente, por diferentes circunstancias, o necesitan. O colectivo tamén desenvolve obradoiros de memoria para maiores,



Sede da Cruz Vermella en Monforte.

programas de apoio escolar dirixido aos máis pequenos, cursos de formación para desempregados, servizo de mediación laboral, de teleasistencia para os veciños que o necesiten, campamentos de verán.

500 socios

A Cruz Vermella de Monforte conta na actualidade con 500 socios. Ademais do local de Monforte de Lemos, o colectivo conta con sedes en Burela, Lugo, Ribadeo, Sarria e Vilalba, así como cun Centro de dano cerebral en Castro Ribeiras de Lea, un Centro de Día para persoas con Alzheimer e outras demencias en Celeiro e

unha Unidade asistencial de drogodependentes na capital lucense.

Algúns dos servizos que ofrece esta ONG na provincia son información, prevención e atención a persoas con VIH, a mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con capacidades diferentes ou en risco de exclusión social e laboral, servizo de teleasistencia para maiores, cursos de formación para desempregados, actividades para nenos, atención e tratamento integral a toxicómanos e persoas con dependencias en drogas, terapias individual e grupais, así como atención psicolóxica e física.

Piden que a Deputación paralice a privatización dos catamaráns na Ribeira Sacra

Os grupos do PP e BNG na Deputación de Lugo votaron a favor de que o goberno provincial paralice o proceso de contrato de xestión para que unha empresa asuma o servizo dos catamaráns da Ribeira Sacra. Instan o goberno a que a xestión a asuma este ano de novo Suplusa e que para próximas tempadas presente un plan de futuro, no que se

aclare o modelo de xestión máis adecuado. Ambos os grupos acusaron ao PSOE de querer facer unha privatización encuberta do servizo. O PP criticou a "improvisación" do Goberno provincial, mentres que o BNG asegurou que o conflito ten orixe nos problemas internos do Partido Socialista e a súa intención "de sacar a Suplusa todo o poder posible".



Catamaráns no río Sil en Doade (Sober).

Promoción do traballo dos Ferreiros de Riotorto

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, e o presidente da Asociación de Ferreiros de Riotorto, José María Cabo Jardón, asinaron un convenio de colaboración mediante o cal o organismo provincial achega outros 10.500 euros á promoción do traballo destes profesionais como "sinal único de identidade cultural e atractivo turístico da nosa provincia, especialmente, da Mariña Oriental, capaz de dinamizar a económica e xerar ri-

queza". Así o destacou Campos Conde tras a sinatura deste convenio nun acto no que participaron máis ferreiros deste colectivo como Manuel Alonso Fojaca, Agustín Iglesias Rodríguez e Ángel Villada Moirón.

Con estes fondos, os Ferreiros de Riotorto disporán de paneis informativos e explicativos da historia do seu oficio tradicional ou da elaboración dos seus produtos, que se situarán nos seus obradoiros, no municipio riotortense, para unha maior visi-

bilidade. Ademais, contarán cun deseño especial de embalaxe dos seus produtos, cos que promocionar a súa marca. Serán pezas de artesanía feitas de madeira, nas que se comercializarán as súas pezas de ferro.

Esta nova achega de 10.500 euros, engádense aos 20.000 euros que o organismo provincial destina anualmente á Feira do Ferro, convertendo á Deputación na principal patrocinadora desta cita. Outra das colaboracións do organismo



O acto celebrouse na Forxa de Viñabella, Espasande de Abaixo.

provincial con estes profesionais consiste no documental que se está a realizar a custo cero dende a TIC.

Trátase dun traballo audiovisual que recolle as testemuñas dos ferreiros de Riotorto sobre

a historia do seu oficio, experiencias, traxectoria, técnicas de traballo, elaboración das pezas... entre outros aspectos, co que se busca darlles unha maior promoción e a posta en valor do seu traballo.

Documental sobre a Queima das Fachas de Castelo

O patrón da Fundación TIC e deputado de Relacións Institucionais, Álvaro Santos, presentou o primeiro documental sobre “A Queima das Fachas de Castelo” nun acto que tivo lugar no local social desta parroquia de Taboada, e no que estivo acompañado polo presidente da Asociación Cultural A Fachas, Manuel Fidalgo. Os veciños de Santa María de Castelo, principais protagonistas, asistiron á estrea do audiovisual co que, segundo o patrón da TIC, “contribuímos a manter viva unha tradición ancestral e das máis singulares de Galicia. De feito, hai estudos que falan dunha orixe castrexa”.

Santos Ramos dixo que “desde a TIC e a Deputación apostamos por impulsar iniciativas que, como a Queima das Fachas, nos fan sentir moi orgullosos da nosa cultura e das nosas orixes. Para que valoremos o noso rural, o primeiro é sentirmos orgullosos del. Pero este apoio vai moito máis alá. Unha das prioridades do Goberno da Deputación é a defensa do rural, polo que traballamos desde diversos ámbitos para xerar riqueza e fixar poboación”.

“O apoio á Queima das Fachas forma parte desta prioridade. Ademais dunha festa etnográfica, é unha cita turística de primeiro orden, pola



Queima das Fachas en Castelo (Concello de Taboada).

súa singularidade. Pero é fundamental dala a coñecer. Queremos que a parroquia de Castelo estea no mapa de eventos turísticos imprescindibles para os amantes das tradicións, que cada vez son máis, non só en Galicia, senón en toda España”, apuntou o responsable provincial.

Historia das fachas

O documental, de 15 minutos de duración, abarca todo o proceso: a recollida dos agucios, a elaboración das fachas, o traslado ao castro, a súa instalación e, por último, a queima, que ten lugar todos os anos, desde hai séculos, na noite do 7 ao 8 de setembro. Ademais conta coa participación do antropólogo Xabier Viana, e inclúe “declaracións dos veciños que conservan a tradición dos seus antepasados e de rapaces que nos fan con-

fiar en que se manteña no futuro. O audiovisual tamén é un recoñecemento ao traballo que está a desenvolver a Asociación Cultural As Fachas. Valoramos o gran esforzo que están a facer para que a Queima se manteña e vaia a máis”.

Asociación

A Asociación Cultural As Fachas constituíuse a finais de 1992 e ten entre os seus obxectivos procurar que non se extinga esta tradición ancestral, a súa organización e a conservación patrimonial da parroquia. É unha das organizacións sen ánimo de lucro que ten asinado convenio coa TIC. Esta colaboración forma parte dunhas das principais liñas de actuación da Fundación, de apoio ao tecido asociativo da provincia e ao gra labor que desenvolve en diversos ámbitos.

Os socialistas de Allariz constitúen agrupación municipal

Os socialistas de Allariz constituíron a nova agrupación municipal desta vila, dando así un paso máis na súa consolidación como aposta segura para o futuro do Concello. Acompañados polo secretario xeral, Rafael Rodríguez Villarino; polo secretario de Organización, Juan Carlos Francisco Rivera; por membros da nova executiva provincial e por outros compañeiros e compañeiras socialistas, resolveron constituírse coma agrupación e celebraron a súa primeira asemblea, na que resultou escollida como secretaria local, Zaida Rodríguez Camba, actual portavoz dos socialistas na corporación municipal. A secretaria de Organización estará a cargo de Luis Pérez

Álvarez; a secretaria de Igualdade recaeu en Andrea Fernández Costa e a secretaria de Política Municipal en Miguel Castro García.

Con este novo paso dado polos e polas socialistas de Allariz, confirmase a súa convicción de que se está a realizar un bo traballo desde a oposición, fiscalizando ó actual goberno alaricano, atendendo ás demandas dunha veciñanza as veces esquecida e fortalecendo as relacións cos veciños e veciñas. Así mesmo, os socialistas aproveitaron para anunciar que xa están traballando na elaboración do programa electoral para as eleccións municipais do vindeiro 2019, coidando que o seu labor os posiciona como alternativa real ao goberno municipal.



Allariz ten nova agrupación municipal socialista.



Carbaemprega mellorará a inserción laboral de desempregados do Carballiño

Presentouse no Carballiño o programa integrado de emprego Carbaemprega, unha iniciativa apoiada desde a Xunta e a través da cal 85 alumnos e alumnas da localidade ourensá recibirán durante un ano formación para incrementar as súas oportunidades laborais. Para iso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá máis de 200.000 euros nesta actuación coa que prevé que un 40% dos participantes acaden a inserción no mercado de traballo.

Os alumnos e alumnas de Carbaemprega levarán a cabo técnicas para mellorar a busca de emprego e a realización de entrevistas de traballo, ao tempo que desenvolverán accións específicas de formación en tres especialidades: industrial con técnicas de soldadura, operacións básicas



Autoridades e alumnos en Carbaemprega.

en restauración e atención sociosanitaria. A través destes itinerarios, ademais de incidir na formación, executaranse accións dirixidas á prospección empresarial e á orientación laboral dos participantes.

Os programas integrados de emprego financiados pola Administración autonómica, que teñen un ano de dura-

ción, están enfocados a mellorar a ocupación dos desempregados establecendo como obxectivo a inserción laboral dun mínimo do 30% dos seus participantes. Cada plan integrado inclúe accións personalizadas de diversa natureza -como información, orientación, asesoramento e formación- combinadas con prácticas laborais.

Día do Guía Turístico en Ourense

A Asociación Profesional de Guías Turísticos de Galicia organizou una visita guiada á catedral de Ourense con motivo do Día Internacional do Guía de Turismo. O lema deste ano é "Por un turismo de calidade, accesible e sostible, confía en guías oficiais". Coa participación neste acto, os representantes da Xunta de Galicia en Ourense quixeron pór en valor o importante traballo que desempeñan os guías de turismo como parte fun-

damental do sector turístico. Díaz Mouteira, delegada da xunta, recoñeceu "o valioso labor que facedes para facer de Galicia un destino mellor, un destino competitivo e de calidade". A delegada territorial tamén aproveitou a visita para lembrar que a Administración autonómica está a traballar no Plan de accesibilidade turística de Galicia e do Camiño de Santiago para a consecución dun destino cada vez máis integrador e accesible.



Visita guiada á catedral de San Martiño, en Ourense.

O Consello de Contas denuncia ante o Parlamento que a Deputación de Ourense incumple a Lei de Transparencia

O Consello de Contas trasladou ó Parlamento de Galicia un informe no que conclúe que a Deputación de Ourense "incumple" a Lei de Transparencia e a Lei de Facendas Locais, porque non lle remitiu os reparos de intervención levantados por Manuel Baltar durante 2014 e 2015. Contas asegura que a Deputación "pode ter incorrido en infraccións graves ou moi graves" e denuncia a "falta de colaboración" da institución que, precisamente, presume habitualmente de ser a máis transparente do Estado.

No informe explícase que a institución incumpriu os prazos marcados na lei, non respondeu a un requirimento enviado en xullo de 2016 e, finalmente, so entregou a documentación obrigatoria no trámite de alegacións, tres anos fora de prazo e despois de recordarlle a Baltar que, no caso de incumplimento, poderían impor multas. A documentación que a Deputación oculta son "acordos e resolucións contrarios a reparos formulados por interventores, a súas xustificacións, e as anomalías detectadas en materia de ingresos,

así como os acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización".

Ante as conclusións deste duro informe de Contas, os socialistas van reclamar ó Goberno provincial do PP toda a documentación económica, para aclarar que hai detrás desta reiterada estratexia escurantista ante o máximo órgano fiscalizador dos cartos públicos de Galicia. Durante unha rolda de prensa, o portavoz do PSdeG-PSOE, Francisco Fraga, denunciou que "esta é a proba do algodón de que estamos ante unha deputación que



Pazo Provincial de Ourense.

nin é transparente nin cumpre a lei". "A transparencia tan cacareada por Baltar falla cando as noticias parece que non son boas para el", salientou antes de anunciar que van pedir acceso a todos os expedientes. O portavoz indicou que "estamos ante

información moi sensible" polo que a transparencia debería ser máxima, e como aínda non se sabe se en 2016 a Deputación volveu ocultar estes importantes datos económicos, tamén van reclamar a documentación dese exercicio.

Cidadáns pide un fondo reserva para devolver plusvalías

Cidadáns Ourense cuestiona que o goberno municipal da cidade pareza estar máis preocupado por “obstaculizar os intereses dos ourensáns que por defendelos”. Refírese esta formación á formulación que o Goberno de Jesús Vázquez (PP) traslada á opinión pública tras as comparecencias respecto diso da concelleira de Facenda, Ana Morenza. Para Cidadáns, “Escoitando á concelleira de Facenda, Ana Morenza, parece que se trata dunha guerra do Concello contra os seus contribuíntes”.

Da formulación con claros visos de hostilidade que este partido considera que emana das manifestacións e comportamentos do goberno municipal en xeral e da mencionada concelleira en particular, Cidadáns pide a Jesús Vázquez que o Concello faga provisión de fondos para facer fronte á devolución de cantidades po-



Praza de San Marcial, no casco vello de Ourense.

las plusvalías indebidamente cobradas ao contribuínte. “Está moi ben que o PP a través de destacados membros do seu partido, pedisen aos habitantes de Vigo que reclamen ao seu Concello a devolución da plusvalía, pero tamén aplaudiríamos que llo lembrasen ao seu compañeiro de partido Jesús Vázquez, al-

calde da cidade de Ourense; con todo, aquí gardan silencio”, afirma respecto diso o coordinador desta formación en Ourense, Alberto Rodríguez. Cidadáns insiste en propoñer que “se constitúa un fondo de reserva que provisione un importe suficiente que cubra as posibles reclamacións que se vaian producindo”.

Vázquez Barquero acusa de “cinismo” ao alcalde respecto do AVE

O Partido Popular empenéase en impór a Estación Intermodal de Ourense e a nova Estación de Autobuses, ao marxe da cidade, do Pleno e dous grupos políticos”, sinalou o portavoz do Grupo Municipal do PSOE no Concello de Ourense, José Ángez Vázquez Barquero, despois de que a Xunta de Galicia anunciase facer provisión económica para sacar a licitación a construción da mencionada nova Estación de Autobuses na Intermodal do AVE de Ourense.

Vázquez Barquero cualificouno de “exercicio de irresponsabilidade política” de Alberto Núñez Feijóo, e acusou o goberno da cidade co alcalde, Jesús Vázquez, á fronte, de “cinismo, puro cinismo”. Segundo o portavoz socialista, por unha banda leva a cabo “un secuestro do dereito a decidir” en todo o concenente a chegada do AVE á cidade e, por outro, “pide diálogo e consenso para apoiar o Plan xeral de Ordenación Municipal (PXOM)”, sinalou Vázquez Barquero.



O edil socialista Vázquez Barquero.

PSdeG-PSOE critica que o Museo galego do Entroido en Xinzo estivera pechado

OMuseo galego do Entroido (MUGAE) estivo pechado en pleno Entroido, segundo o PSOE. “Iso é o que deixa a xestión do PP no Concello de Xinzo de Limia, que unha vez máis, volveu rizar o rizo do desgoberno e o malfacer para os intereses desta vila ourensá”. A portavoz do grupo municipal socialista, Elvira Lama, asegura que “é lamentable que xusto nas datas centrais do Entroido, que en Xinzo abranguen cinco fins de semana, e sendo o lugar emblemático por excelencia de Galicia nestas festas, o museo estea pechado a cal y canto pola falta de previsión

e a nula xestión do alcalde e do concelleiro de Cultura”.

Para o PSdeG-PSOE, o motivo aducido polos responsables municipais de cesión do espazo a outra administración –neste caso á Deputación–, co fin de encomendarlle a xestión, non pode xustificar o peche co ciclo do Entroido xa iniciado e a vila recibindo decenas de miles de visitantes. “A finalización do contrato laboral das persoas encargadas da súa atención, deixa en absoluta evidencia ós xestores municipais, posto que ninguén se preocupou por facer as xestións imprescindibles coa Deputación para

que o museo non estea pechado nin un so día”, denuncian os socialistas.

“Aducen dende o Concello que o abrirá persoal municipal a demanda de quen o solicite”, explica Lama. “E si os visitantes acoden á porta do museo sen solicitar previamente a apertura porque nin o saben nin teñen porque sabelo, quedarán coas ganas de coñecer o único museo do Entroido que hai en Galicia”, engade a voceira municipal. Para os socialistas, unha vez mais, queda claro que ó grupo de goberno “nunca lle preocupou o mais mínimo” o funcionamento deste espazo museístico, unha obra que tar-



O Museo Galego do Entroido en Xinzo.

dou máis de 15 anos en rematarse e que foi inaugurada polo mismísimo presidente da Xunta de Galicia no ano 2015. “Á vista está que a previsión tampouco é unha virtude do grupo de goberno de Xinzo”, destacan.

A imposibilidade de contratar persoal por parte do

Concello, debería levar a esta administración local a buscar unha solución eficiente que xa tiña que estar deseñada con tempo suficiente. Desta forma, o Museo Galego do Entroido non tería que botar a cadeado na época do ano na que se reciben en Xinzo a maior afluencia de visitantes.

Galicia

Redacción

Compromiso por Galicia insta a recuperar o autobus Vigo-Lugo e prolongar a alta velocidade Vigo-Porto

Para o partido galeguista o modelo de comunicacións públicas, tanto por tren, como por estrada é un servizo fundamental para a maioría da cidadanía, nun País como Galicia, con grande dispersión da poboación e avellentado.

Neste sentido o secretario local dos galeguistas en Vigo, Xoán Antonio Cortés, apuntou que o servizo de pasaxeiros entre Vigo-Lugo ten unha grande demanda, aínda e todo a escasa calidade do servizo prestado, xa que non son poucas as familias e as persoas que teñen que usar as conexións entre ambas localidades. Tanto para as familias que teñen fillos universitarios nalgunha das dúas cidades, como para as persoas traballadoras, estamos ante un problema de alcance real que finalmente

perxudica ao benestar e á calidade de vida das gentes afectadas.

Compromiso por Galicia pregunta de que vale gastar millóns de euros en subvencionar voos a Europa nos tres aeroportos galegos, se non temos conexión coas cidades da nosa propia comunidade e as da nosa contorna.

Neste sentido, apuntan á política de subvencións públicas, tanto da Xunta como do Concello de Vigo, para as liñas de voos nos aeroportos galegos e a falta destas políticas para un transporte de cercanías e de conexións entre os principais núcleos urbanos da contorna. Neste mesmo sentido de denuncia apuntan desde CxG que seguen pendentes inversións na conexión Ourense-Lugo, Ourense-Ponferrada ou na

Lugo-Santiago por estrada e a continuación en Alta Velocidade ata Porto da liña do tren Celta.

O partido galeguista reclama a continuación a Porto, como prioritaria para vertebrar o eixo atlántico e buscar unha conexión co “corredor Atlántico” de mercadorías deseñado pola UE.

Neste mesmo comunicado, Xoan Antonio Cortés, lamenta profundamente a ineficacia política que teñen amosado os eurodeputados galegos en Bruxelas, que non souberon incluír dentro da rede europea de mercadorías unha saída para a produción galega, así mesmo como a predisposición que os mesmos mantiveron a dar unha saída a través de Valladolid para o eixo de Lisboa a Porto e que deixou fora ao eixo Vigo-A Coruña.

CxG indignado ante a inseguridade na autovía Vigo-O Porriño



Accidente na autovía Vigo-O Porriño o 22 de febreiro

Segundo transmite o secretario local da formación en Vigo, Xoán Antonio Cortés, estamos ante unha situación vergoñante para unha das principais vías de acceso e saída da cidade e que soporta un elevado tráfico pesado.

Segundo palabras de Xoán Antonio Cortés, secretario local dos galeguistas: “Para alén do trazado mal feito do vial, con exceso de radio en moitas das curvas e contraperaltes perigosos, temos que engadir que a sinalización provisional engade mais incomodidade e perigo a unha vía xa perigosa por si mesma”

“Se tivesemos representantes dignos nas institucións políticas teríamos que ter unha solución para unhas obras que tiñan que estar rematadas en 2017”, así de duro mostrou a indignación ante a paralización da situación nesta autovía que soporta sobre 30.000 despra-

zamentos diarios.

Unha situación que se está a prolongar no tempo e que segundo os galeguistas ten consecuencias na vida cotiá de milleiros de persoas que usan este vial a diario, sometidas ao “stress” de conducir baixo estas condicións. Desde CxG indican tamén que esta non é mais do que unha mais das malas xogadas políticas que finalmente pagamos toda a cidadanía, xa que unha situación similar sería impesable, por exemplo, para calqueira das vías de acceso a Madrid. Ao tempo, visualizamos como Ana Pastor e Feijoo resultan de todo ineficaces para solvertan os problemas das xentes.

Os galeguistas queren instar aos deputados e deputadas galegas no Congreso de Madrid a que o seu apoio aos presupostos do estado teña unha vinculación a priorizar o investimento público en Galicia.

O BNG demanda a renovación do Campo de A Gándara ao abeiro do Plan Concellos.

O concelleiro nacionalista, Xoán Carlos González, insta ao alcalde de Redondela “a cumprir a súa palabra, incluíndo esta obra na proposta do ano 2018”.

A convocatoria do Plan Concellos da Deputación, constitúe a xuízo do concelleiro do BNG, abre a posibilidade para afrontar a renovación do Campo de Fútbol da Gándara, no Viso. Para o presente ano, contémpase unha partida de 1.172.000 para Redondela. O propio Plan contempla a posibilidade de plurianualidade das inversións, “cos mesmos 150.000 euros que lle pagaron a FENOSA o ano pasado con estas subvencións da Deputación, xa permitiría costear a

metade da reforma do Campo, que valoramos nuns 600.000 euros”, sinala.

Xoán Carlos González, afirma que sería posible unha financiación a tres bandas, Plan Concellos, aportacións da Xunta, e fondos propios do Concello, co que sería posíbel unha completa renovación deste equipamento deportivo. “Javier Bas ten que cumprir coa palabra dada, afirma, cando se comprometeu a iniciar as obras”,. Recordamos que varias mocións e o posicionamento do Consello Parroquial de O Viso instaron ao goberno municipal a xestionar a obra.

“O deterioro das bancadas,



vestiarios e campo de xogo, poden considerarse terceiro-mundista, o que está a provocar o paulatino abandono da práctica deportiva por parte de nen@s, e mocidade”, afirma. Hai xa anos que o Club Deportivo Cesantes, vén demandando unha obra imprescindible para o futuro do club. Mesmo outras modalidades deportivas poderían xogar neste novo campo.

Malia que existe unha posi-

bilidade real de acometer as obras, Xoán Carlos González dubida do interese do alcalde de Redondela. “Leva varios anos dándolle voltas a esta cuestión, prometendo a reforma, pero o certo é que nin sequera ten negociado coa Comunidade de Montes a cesión do actual Campo de A Gándara”, trámite imprescindible para levar a cabo a obra.

Finalmente considera que, a reforma do Campo da Gándara, vai en contra do modelo do goberno de Javier Bas, quen pretende centralizar toda unha xeira de equipamentos deportivos en Redondela. “Pola contra o modelo polo que avogamos dende o BNG, permite a creación de equipamentos descentralizados, pero accesíbeis a toda a veciñanza”

O BNG consegue que a Comisión Europea manteña aberta a denuncia sobre a LAT de Arbo



Ata agora portavoz do BNG en Bruxelas, Ana Miranda, expresou a súa satisfacción por que a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo decidira manter aberta a investigación sobre a liña de alta tensión entre Arbo e a fronteira portuguesa. Esta decisión produciuse tras a intervención de dúas representantes da veciñanza afectada, na que ademais de solicitar esta continuidade, denunciaron a falta de información estación sobre o proxecto.

“Denunciamos que despois de catro anos non exista a Declaración de Impacto Ambiental, así como que as peticionarias non teñan recibido información sobre o proxecto”, subliñou Miranda, en referencia á denuncia que ela mesma presentou xunto a deputada do Bloco de Esquerda Portugués, Marisa Martíns, en outubro de 2014.

Ana Miranda avanzou que esta cuestión será unha das prioridades que tratará ao longo do seu escano e felicítouse de que as peticionarias recibiran o apoio de todos os grupos da Comisión para que a petición siga aberta, tal e como as peticionarias e a deputada Marisa Martíns solicitaron nas súas intervencións. Precisamente criticaron a falta de información recibida desde 2011, cando se presentou o Documento Inicial do Proxecto.

Desde abril de 2014, este proxecto de Liña de Alta Tensión está en fase de análise técnico do expediente, pero, case catro anos despois aínda está pendente a Declaración de Impacto Ambiental.

Para a veciñanza afectada trátase dunha situación moi preocupante, en tanto que as torretas (de entre 80 e 90 metros de altura) pasan moi cerca das vivendas e, en caso de caída, producirían o arrastre das demais e a caída dos cables sobre as propias vivendas.

Por este motivo de seguridade e polos efectos electromagnéticos e de polución ambiental das propias liñas, as peticionarias solicitaron a mediación da Unión Europea para que inste a modificación do Real Decreto de 2008, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión.

Este Real Decreto sitúa a distancia de 6,1 metros desde unha liña de alta tensión ás vivendas e deixa á veciñanza en situación de indefensión e risco efectivo pola proximidade ao trazado eléctrico.

Por outro lado, outra das peticións refírese á solicitude de información relacionada coa realización do Documento Inicial del Proxecto, presentado no Concello en novembro de 2011, xa que nesta fase de estudo se estableceron contactos cos concellos, se realizaron reunións coas operadoras e se fixeron visitas ao terreo.

Mais, segundo sinalaron as peticionarias, o problema reside en que debido a que este documento se perdeu, non foi rexistrado nin posible facer as alegacións oportunas na fase de consultas previas nin tampouco se realizou a exposición pública do documento.

O BNG demanda a ampliación de axudas europeas para recuperar o emprego no textil

Aportavoz do BNG en Bruxelas, Ana Miranda, defende a ampliación do programa para o mantemento do emprego no sector do téxtil na comarca de Ordes que o Parlamento Europeo votará en Bruxelas. Segundo Miranda, o feito de que o desemprego aumentara un 40% no sector da confección nesta zona, afectando especialmente a mulleres de idade comprendida entre os 30 e 54 anos, demostra que é imprescindible un plan dirixido especificamente a este colectivo que busque a súa recuperación e que se axilicen as indemnizacións polos despedimentos.

“Non é de recibo que o goberno do PP primeiro deslocalice as empresa e que logo destine recursos tan limitados do Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización”, subliña Ana Miranda, para quen “é difícil facer fronte a perda de 500 postos de traballo nos últimos catro anos cos 720.000 euros que contempla o proxecto da Comisión”.

Neste sentido, considera que a proposta tampouco vai ao fondo dos problemas reais das empresas de confección, en especial as do grupo Deus, que non confeccionan marca propia, senón que eran subcontratas de marcas téxtiles que actualmente continúan coa súa actividade.

Así, lembra que acometeron os despedimentos colectivos e posteriormente entraron en concurso de acredores para proceder ao seu peche definitivo pola súa incapacidade de facerlle fronte a débeda salarial que superaba os 8 millóns de euros debido aos sucesivos impagos de cotas de seguridade social.

No tocante a empresa de confeccións Viriato, esta empresa chegou a acumular unha débeda superior aos 11 millóns de euros pese as axudas recibidas da xunta a través do IGAPE, a última das cales foi en setembro do 2015, despois de acometer un ERE que afectou a 40 traballadoras. Outro exemplo desta situación refírese á empresa Caramelo, que obtivo unha axuda de 5 millóns de euros en febreiro do 2010 despois de ter aprobado un ERE en agosto do 2009 que supuxo o despedimento de 237 traballadoras.

Por outro lado, a portavoz do Bloque en Bruxelas lamenta que o proxecto da Comisión Europea non atenda á situación das traballadoras despedidas. Ao respecto apunta que as 40 persoas despedidas mediante un ERE en xullo do 2015 pola mercantil Viriato aínda teñen procesos de reclamación no xulgado do social de A Coruña porque a mercantil incumpriu a súa obriga de pagar o convenio especial coa seguridade social das persoas incluídas no ERE con máis de 55 anos.

“Esta situación prexudica considerablemente a futura xubilación das persoas afectadas”, denuncia Miranda, quen sinala que o persoal despedido de Viriato en xaneiro do 2017 cobrou o importe de indemnización por despido a través do FOGASA, toda vez que a empresa tampouco cumpriu coa obriga de pago.

Ademais, as traballadoras despedidas en abril do 2017 do grupo Deus se atopan a día de hoxe inmersas nun proceso xudicial de reclamación de salarios pendentes de cobro (6 mensualidades) e tamén de reclamación de indemnizacións.



Novas da Raia

Redacción

Carmela Silva pon en valor a profesionalidade e calidade do sector turístico da provincia na Gala de Turismo Rías Baixas

A Deputación de Pontevedra sacou músculo do sector turístico da provincia na Gala de Turismo Rías Baixas, “a gran festa do turismo provincial”, celebrada esta tarde no Auditorio Mar de Vigo. O evento, “innovador e moderno, dende a posta en escena ata a distribución das persoas convidadas”, concentrou aos responsables do sector turístico público, desde alcaldes e alcaidesas ata concelleiros e concelleiras, e o sector privado da provincia de Pontevedra. Xunto a eles, cobraron vida personaxes da literatura como o Capitán Nemo e Pierre-Aronnax, personaxes históricos como María Vinyals ou a Raíña Dona Urraca, escritoras como María Victoria Moreno, personaxes da cultura popular como unha “moura” ou pantasmas como o “Alemanote” do Castelo de Soutomaior, que se mesturaron co público para presentar unha imaxe renovada da provincia de Pontevedra.

A presidenta, Carmela Silva, comezou a súa intervención recoñecendo a profesionalidade e calidade do sector turístico da provincia. “A nosa provincia, con 263 entidades públicas e privadas co distintivo SICTED, 60 máis que o ano pasado, é a provincia española con maior número de emblemas SICTED do Estado”, dixo.

“O ano pasado en foi un



ano récord”, destacou a presidenta, “dos cinco millón de turistas que chegaron a Galicia, 36% veu coñecer e gozar da provincia de Pontevedra, un fantástico territorio que ofrece infinidade de atractivos na costa e no interior”.

Todos estes “atractivos” foron explicados durante a Gala de Turismo Rías Baixas que acolleu a presentación da campaña promocional “Somos historias” centrada, como explicou Carmela Silva, no patrimonio. A este respecto destacou “estamos no Ano Internacional do Patrimonio e nós queremos apostar moi forte por promover os nosos tesouros fortificados, arqueolóxicos, paisaxísticos, inmateriais, literarios, culturais, espirituais e naturais”. Deste xeito,

desvelou Silva, “empregaremos ao longo do ano un símbolo, o labirinto de Mogor, representado tamén na disposición deste patio de butacas. Un labirinto que propón unha viaxe por todos os nosos tesouros”.

Trátase dun símbolo da provincia que conta con máis de 2.000 anos de historia e une diferentes civilizacións do mundo xa que o mesmo elemento pódese atopar en lugares tan dispares como Irlanda, Portugal, Estados Unidos, Canadá ou Siria. Durante a Gala presentouse a imaxe simbólica do labirinto de Mogor, integrada co nome “Pontevedra provincia”, cuxo símbolo forma parte dos vídeos de María Vinyals, patrimonio etnográfico, natural, literario e festas que

se proxectaron durante a mesma e serán empregados para promover a provincia ao longo do 2018.

Amais da presentación da imaxe da campaña “Somos historias” e do símbolo que a acompañará ao longo do 2018, durante a Gala de Turismo Rías Baixas, Carmela Silva tamén puxo en valor que o goberno provincial está a traballar para desestacionalizar a demanda e internacionalizar o destino. Silva fixo fincapé nos atractivos que ten a provincia de Pontevedra dende os espazos naturais, ata os culturais, a gastronomía ou o enoturismo que permiten que “Rías Baixas poida presumir da súa beleza desde xaneiro a decembro”. En canto á internacionalización, a presidenta da Deputación amosou a vontade da institución provincial de traer a persoas visitantes de todo o mundo xa que “cada vez estamos mellor conectadas e conectados, cun aeroporto que supera de novo o millón de persoas pasaxeiras e nos une aos grandes mercados europeos”.

A Gala, que contou coa actuación musical do grupo Voodoo (gañador no 2017 do Premio Martín Códax de música

galega na categoría de blues/funk/soul), acolleu a entrega dos distintivos de calidade turística SICTED ás empresas que o acadaron no ano 2017. En total, foron 151 empresas e entidades que os recibiron acreditando a súa calidade, que se suman aos 263 establecementos que xa acadaron o SICTED na provincia de Pontevedra.

A presentación da gala correu a cargo de Limiar Teatro coa representación de Nemo e de Aronnax, que exerceron de condutores do evento, dando a paso aos diferentes elementos de promoción turística que a Deputación de Pontevedra impulsará ao longo do 2018: castelos medievais, castros milenarios, xardíns e paisaxes, natureza e literatura, os mosteiros, as festas e tradicións, os museos, a gastronomía, as danzas ancestrais e os festivais musicais. Deste xeito, amais da música de Voodoo, houbo unha actuación das “Madamas e Galáns” do Entroido de Cobres, unha batalla dialéctica entre os “Xenerais da Ulla”, así como unha mostra de flores do Corpus de Pontearreas e distintas degustacións gastronómicas.



Salceda contará coa financiación da Deputación para a urbanización dos terreos do novo centro de saúde

A voceira do PSOE de Salceda, Verónica Tourón, valorou positivamente o inicio do proceso de contratación da urbanización do novo centro de saúde. Unha obra que pertence ás inversións que a Deputación de Pontevedra financia a través do Plan Concellos do ano 2017, e que estaba pendente de execución por parte do goberno local.



Dende o grupo municipal socialista, explican que a maior parte das inversións realizadas no Concello de Salceda nos últimos dous anos foron financiadas a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, xa que a falta dos orzamentos municipais (prorrogados dende o ano 2016) impídelle ó goberno local realizar inversión das súas arcas. Aproveita, Verónica Tourón, para incidir unha vez máis en “que a falta de xestión do goberno local no eido económico, non presen-

tando orzamentos leva a que o concello de Salceda estea nunha parálise evidente, cun total abandono das parroquias e de inversións moi necesarias, polo que, dende o noso grupo nos alegamos de que se faga esta obra dentro do Plan Concellos, porque é unha necesidade urxente”. En resumo, “o goberno local ten un proxecto de parálise para Salceda, e vai solventando a súa falta de xestión coas inversións que realizan outras administracións”, afirman as concelleiras.

Agardan, que a urbanización leve apareada o comezo das obras e que dunha vez por todas, as dúas administracións implicadas “Xunta e Concello” resolvan os conflitos históricos e comencen a construción do novo centro de saúde.

Informan tamén que Salceda disporá no Plan Concellos 2018 de 655.520,73 euros e que ten dispoñible para o 18-19 un total de 1.122.796 euros, ademais de outras obras que financia a Deputación á marxe deste Plan.

O PSOE pide cláusulas de igualdade efectiva nas obras que contrate o Concello de Salceda

O grupo municipal socialista reclamará, a través dunha proposta no próximo pleno, que o Concello inclúa a partir de agora nas condicións para contratar as súas obras e servizos unha cláusula que obrigue ós contratistas a cumprir coa normativa en materia de igualdade efectiva entre homes e mulleres.

O concello de Salceda, como administración que contrata, deberá esixir ás entidades privadas que promovan de forma real a igualdade de xénero, este, explica a voceira socia-

lista, “será o mellor xeito de contribuír a unha efectiva igualdade entre homes e mulleres, a través da consecución de obxectivos sociais na contratación pública”.

“Os concellos, tal como marca a lei, poden establecer condicións especiais de execución dos contratos que celebren, co fin de promover a igualdade de xénero no mercado de traballo”, explica Tourón, e engade que na actualidade no concello de Salceda non se inclúe esa esixencia en materia laboral e social.



Unha nova pinza entre PP e PSOE pon en risco a subvención que sustenta o servizo de Axuda no Fogar en Salceda

O Equipo de Goberno do Concello de Salceda (Movemento Salceda) lamenta o acontecido no Pleno Ordinario desta noite, onde unha nova alianza entre os grupos da oposición (PP e PSOE) impediu aprobar o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito que permitiría o pago de 309.865,06 € a diferentes provedores do Concello de Salceda. De nada serviron as explicacións ofrecidas polo Concelleiro de Facenda, Jose Luis González,

manifestando a existencia de máis de 1.200.000 € de liquidez para afrontar a totalidade do pago; PP e PSOE decidiron unha vez máis bloquear a acción de Goberno, prexudicando deste xeito a dúas de provedores de bens e servizos, aos que se lles imposibilita así o cobro das súas facturas pendentes.

A consecuencia máis grave desta nova pinza entre PP e PSOE é o risco de perder 89.818,3 € de subvención da Xunta de Galicia para o Plan

Concertado, para facer fronte ó servizo de Axuda no Fogar, que atende actualmente a 36 persoas en situación de dependencia en Salceda de Caselas.

Denuncian dende Movemento Salceda a enorme irresponsabilidade dos grupos da oposición antepoñendo unha vez máis os seus intereses sobre os intereses das empresas e autónomos que traballan para o Concello de Salceda, e o que é máis grave, sobre os intereses dos propios veciños e veciñas. Así mesmo,

o Equipo de Goberno quere deixar clara a súa condena á chantaxe de PP e PSOE, que esixiron poder votar facturas por separado, pretendendo así caer no surrealismo de decidir a que provedores se lles paga e a cales non. O esperpento máis grande vivíuse cando, unha vez que o equipo de Goberno non aceptou a chantaxe dos grupos da oposición, estes abandonaron o Pleno, despois de votar en contra do REC.

O Recoñecemento Extraxudicial de Crédito é unha figura legal que permite ás empresas cobrar polos seus servizos sen ter que recurrir aos xulgados. Ante a pinza de PP e PSOE, os provedores do Concello vense abocados a recurrir de novo á vía xudicial, tal como xa fixeran

no 2016.

Jose Luis González, Concelleiro de Facenda: “Unha vez máis PP e PSOE veñen de demostrarnos a súa intención de bloqueo do Concello de Salceda, sen importarlle o máis mínimo poñer en risco a supervivencia de empresas e autónomos que prestaron os seus servizos para este Concello, ou a perda de subvencións de servizos fundamentais para a veciñanza.”

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: “Salceda pode estar segura de que conta cun Goberno que, a pesar da actitude de bloqueo irresponsable da oposición, tira para adiante do Concello e traballa día a día con esforzo e determinación para solucionar os problemas dos veciños e veciñas”

Novas da Raia

Redacción

Ponteareas reúne con Fomento pola seguridade viaria na N-120

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, a Tenente de Alcalde, Chus Garrote, un representante de cada grupo da oposición e un representante de cada parroquia da plataforma veciñal pola seguridade viaria na N-120 (Xinzo, Areas e Arnoso) reuníronse o 20 de febreiro co xefe de demarcación de estradas do Estado en Galicia, Ángel González del Río.

O goberno de Ponteareas, oposición e representantes veciñais puxeron enriba da mesa a urxencia da contratación da iluminación que o ministerio xa publicou no BOE no pasado mes de agosto.

O xefe de demarcación xustificou o retraso da tramitación a nivel de estado por parte de Facenda e Fomento e comprometeuse a que a obra estará realizada antes de final deste ano e que, previsiblemente, o comezo das obras será no mes de maio.

O goberno e os representantes veciñais trasladaron o descontento e malestar existente ao non concretarse esta actuación



Reunión coa plataforma veciñal pola seguridade viaria na N-120

e non ter sido acometidas as obras neste inverno.

Todos os asistentes á reunión expuxeron a necesidade de concretar o proxecto de mellora da seguridade viaria con glorietas e coa senda peonil nos cinco quilómetros de tramo da N-120 que transcurren entre o centro urbano e as parroquias de Arnoso, Areas e Xinzo.

Sobre estas actuacións o ministerio adiantou que no vindeiro mes de marzo teñen previsto licitar a redacción do proxecto que contará cun total de 2,2 millóns de euros. Esta tramitación demorárase porque o pro-

xecto será exposto ao público para o prazo de alegacións e contemplará a expropiación puntual de terreos.

Todos os presentes foron unánimes na demanda da concreción da circunvalación dando o paso previo de asinar o convenio entre Ministerio, Consellería e Alcaldía para que, por fin, a Xunta realice a súa parte que é o proxecto de execución necesario para executarse as partidas económicas que figuran previstas.

O Alcalde urxe á Consellería e ao Ministerio a fixar a data para asinar este convenio paso previo imprescindible.

As Neves contratará 14 persoas mediante o Plan Concellos da Deputación.

Oficios que servirán para levar a cabo diversas actuacións de conservación e mantemento de bens públicos.

As persoas candidatas deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. O concello solicitará as persoas traballadoras mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir as persoas que sexan contratadas. Para a xestión das ofertas establécese como ámbito de busca de emprego o Concello. Este

será quen realice a selección definitiva das persoas candidatas.

Os postos de traballos son 1 peón para o punto Limpo, 1 auxiliar de axuda a domicilio, 2 limpadoras/es de edificios e locais, 1 peón varredor/a que traballará dende o día da contratación ata o día 31 de decembro de 2018 a xornada completa. 2 peóns de construción e 4 peóns forestais que traballarán dende 1 de abril ao 31 de decembro. 1 Auxiliar Administrativo/a e 2 fontaneiras/os que traballarán dende 1 de maio ao 31 de outubro.

Os requisitos puntuais e valoracións completas para o acceso aos postos pódense consultar entre outros na páxina web do Concello www.asneves.gal.

CENTRO PLURILINGÜE



Colexio Santiago Apóstol

**Prazas libres en
Educación Secundaria**

**Solicitud de praza
do 1 ó 20 de marzo**

TRINITY
Exam Centre

Cambridge English
Exam Preparation Centre
CPR SANTIAGO APOSTOL

XXXVIII FEIRA DO VIÑO DE AMANDI

24 e 25 DE MARZO • SOBER Festa de Interese Turístico



galicia

XUNTA
DE GALICIA



GADIS

//ABANCA

Sober prepara a XXXVIII Feira do Viño de Amandi

Este ano serán vintetrés as adegas da denominación de orixe Ribeira Sacra, subzona de Amandi, as que participarán na XXXVIII Feira do Viño. Os actos do Mes do Amandi, os previos á celebración da Feira, foron dados a coñecer nun acto celebrado no miradoiro de Cadeiras, no que tamén se desvelou o cartel anunciador e o programa da Feira. O Concello convidado este ano é o da Pobra de Brollón.

O alcalde, Luís Fernández Guitián, asegurou que “esta emblemática festa é posible grazas aos colleiteiros e colleiteiras de Amandi que traballades nas vosas viñas e elaborades nas vosas adegas un produto

único e excepcional que trunfa en competencia cos mellores viños do mundo. O viño da Ribeira Sacra en xeral e, o de Amandi en particular, están en continuo progreso grazas ao traballo e bo facer, por un lado do Consello Regulador e, por outro, dos viticultores e adegueiros que sabedes adaptarvos aos novos tempos e ás demandas do mercado”.

“Un orgullo como alcalde poder presumir un ano máis, e imos polo 38, do mellor viño do mundo, da mellor alfareiría do mundo, do mellor territorio do mundo e todo grazas a que ten como veciños a mellor xente do mundo, que se esforza para recibir durante todo o ano e de

forma especial o sábado e domingo de Ramos a milleiros de visitantes”, engadiu.

Programa de actos

Sábado 24 de Marzo. 11:30 horas. O disparo de bombas de palenque anuncian o inicio da XXXVIII Feira do Viño de Amandi. 12:00 horas. Apertura Oficial a cargo de Adegas Guímaro en lembranza da súa matriarca Concepción Pérez Marcos. 12:15 horas. Actuación do Grupo de Música Tradicional Érbodo. 17:00 horas. Comezo da Precata Oficial na Sala de Catas da Oficina Municipal de Turismo. 17:00 horas. Actuación do Grupo Érbodo. 18:30 horas. Concerto da Banda de Música de Sober. 20:00 horas. Concerto de Cristina Pato no Au-



Alcalde de Sober e adegueiros na presentación dos actos da Feira do Viño.

ditorio do Centro Sociocultural de Sober. 22:00 horas. Actuación de Os Parentes na Praza do Concello. 23:30 horas. Actuación de Gin Toni's na Praza do Concello.

Domingo 25 de Marzo. 10:30 horas. Disparo de 23 bombas de palenque (1 por cada colleiteiro participante). 10:45 horas. Actuación da Charanga NBA. 11:00 horas. Pasarrúas coa Banda de Música de Sober. 11:30 horas. Comezo da cata oficial

na sala de catas do Centro Sociocultural de Sober. 11:30 horas. Misa Solemne coa Bendición de Ramos na Igrexa de Sober. 12:30 horas. Recepción de Autoridades na Casa do Concello. 12:45 horas. Actuación da Banda de Música de Sober. 13:00 horas. Pregón a cargo de Cristina Pato. 13:30 horas. Entrega de Premios. 17:00 horas. Actuación da Charanga NBA. 19:30 horas. Baile coa orquestra Suavecito.

BODEGAS
REGIA VIARUM

VISÍTENOS

★ **FEIRA DO VIÑO** ★

MARZO	DE AMANDI
24-25	SOBER
2018	RIBEIRA SACRA

★ PRESENTACIÓN AÑADA 2017 ★

VITICULTURA HEROICA
CAÑONS DO SIL AMANDI

galicia
calidade

Wine - Moderation

Redacción LUGO

... ven da páxina anterior

Mes de Amandi

O luns 26 de febreiro na aula de informática e novas tecnoloxías iniciouse o proxecto “Cada un conta a feira segundo lle foi nela”. Trátase dun obradoiro pensado para recompilar material histórico da Feira do Viño de Amandi dende o seu nacemento en 1981. (Fotografías, programas, recortes de prensa, etc.). O obradoiro rematará o 23 de marzo.

Mércores 7 de marzo. Ás 19:00 horas no Centro Sociocultural, presentación do libro de poesía “Entre zocas e decibelios”, do soberino de Barantes Ramón Sandoval, coa participación entre outros de Olga Novo. Ao remate brinde con Viño de Amandi. Venres 9 de marzo. Ás 12:00 horas no Centro Sociocultural de Sober Inauguración da exposición “Figuras de antonte e de onte, figuras para o mañá”, paneis que recollen motivos e encintados decorativos de casas con esgrafiados de Sober; que foi

1º premio do Proxecto didáctico Antonio Fraguas do Museo do Pobo Galego, feita por alumnos do IES A Pinguela de Monforte baixo a dirección e coordinación de Manuel Vilar Álvarez. Sábado 10 de marzo. Ás 20,00 horas no Centro Sociocultural concerto a cargo do Cuarteto de Saxofóns Kebyart. Ao remate degustación de viños de Amandi. Organiza: Xuventudes Musicais de Sober. Luns 12 de Marzo. Ás 12:00 horas no CEIP Virxe do Carme, taller de análise sensorial para alumnado de 5º e 6º de Primaria.. Xoves 15 de marzo. De 12:00 a 14:30 na Escola de Hostelería de Rosende, xornada de maridaxe: viño de Amadi con vacún de Galicia. Colaboran a Escola de Hostelería da Fundación Belarmino Fernández, I.X.P. Terner Galega e I.X.P. Vaca e Boi de Galicia.

Venres 16 de marzo. Nas merendas con contos da biblioteca pública municipal farrase unha visita a viñedos e

Adega Rectoral de Amandi para coñecer diversos procesos no coidado dos viñedos e elaboración de viños. Saída as 18:00 horas da Praza do Concello. Sábado 17 de marzo. Ás 20,00 horas no Centro Sociocultural concerto de piano a catro mans a cargo de Yolanda Represas e Pablo Rodríguez. Ao remate degustación de viños de Amandi. Organiza: Xuventudes Musicais de Sober. Luns 19 de marzo. Ás 16:00 horas na Escola de Hostelería da Fundación Belarmino Fernández de Rosende. Seminario de servizo de viños para hostaleiros. Colabora Asociación de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo. Luns 19 de marzo. Ás 16:30 horas no Centro Sociocultural en dentro dos Faladoiros dos Luns, educación para a saúde (medicación, alcol e conducción) a cargo de Luisa Astray, educadora social da Unidade Asistencial de Drogodependencias de Monforte. Xoves 22 de marzo. De 9:00 a 14:30 horas no Centro

Sociocultural de Sober, xornada técnica “Uso do frío na elaboración de viños”. Organiza a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia.

Exposicións

Do 23 de marzo ao 20 de abril no Centro Sociocultural de Sober estarán expostos os carteis presentados o concurso de carteis da XXXVIII Feira do Viño de Amandi e os debuxos do concurso de debuxo infantil. Do 9 de marzo ao 20 de abril no Centro Sociocultural Exposición “Figuras de antonte e de onte, figuras para o mañá”, paneis que recollen motivos e encintados decorativos de casas con esgrafiados de Sober, que foi 1º premio do proxecto didáctico Antonio Fraguas do Museo do Pobo Galego, feita por alumnos do IES A Pinguela de Monforte baixo a dirección e coordinación de Manuel Vilar Álvarez. Do 17 de marzo o 30 de abril na Oficina Municipal de Turismo, Exposición de Fotografías Sober Vivo (patrimonio



Luís Guitián e Ana Santiso, autora do cartaz.

natural, cultural, etnográfico, artesanía, recursos forestais etc.) de Felipe Castro.

Cartel anunciador

O Concello de Sober convocou un concurso ao que se presentaron trinta orixinais chegados de diferentes puntos do Estado. O xurado estivo integrado por profesionais do deseño, pintura e artes gráficas que acordaron outorgar o primeiro premio ao traballo presentado por Ana Santiso Vilar e concedéronse accésit aos traballos presentados por Edith Nieves Sánchez e Clara Romero Aguado.

TOUR RIBEIRA SACRA

- Viaje Tren Turístico 1 hora por el Cañón del Sil
- Visita Vía Appia y Mirador
- Visita Bodegas Regina Viarum, con degustación
- Almuerzo típico de la Galicia interior

25€



Viticultura
Heroica
Cañones del Sil



Tren Turístico
Abasakra abasakra.com

Información e reservas
Teléfonos: 650 770 179
info@abasakra.com



aCantina

Restaurante dende 1947

Información e reservas:
Teléfono: 650 770 179 - info@acantina.es
acantina.es

Rias Baixas, somos historias